



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2016/17 |
| Asignatura (*) | Comunicación gráfica en Arquitectura | Código | 630G01053 | |
| Titulación | Grao en Arquitectura | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Quinto | Optativa | 4.5 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Representación e Teoría Arquitectónica | | | |
| Coordinación | Fernandez-Gago Longueira, Paula | Correo electrónico | paula.fernandez-gago@udc.es | |
| Profesorado | Fernandez-Gago Longueira, Paula Fraga Lopez, Francisco Javier Mantiñan Campos, Carlos Pernas Alonso, Maria Ines | Correo electrónico | paula.fernandez-gago@udc.es javier.fraga@udc.es carlos.mantinan@udc.es ines.alonso@udc.es | |
| Web | http://www.ryta-udc.es/ | | | |
| Descrición xeral | Poñer en coñecemento do alumnado os contidos teóricos sobre os procesos de comunicación gráfica, representación, ideación, deseño, fotografía, medios audiovisuais, señalética e infografía necesarios para o desenvolvemento práctico do programa docente plantexado. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A10 | REPRESENTACIÓN ESPACIAL: aptitude ou capacidade para aplicar, tanto manual como informaticamente, os sistemas de representación gráfica, dominando os procedementos de proxección e corte, os aspectos cuantitativos e selectivos da escala e a relación entre o plano e a profundidade. |
| A13 | IDEACIÓN GRÁFICA: aptitude ou capacidade para concibir e representar graficamente a figura, a cor, a textura e a luminosidade dos obxectos e dominar a proporción e as técnicas de debuxo, incluídas as informáticas. |
| A37 | ANÁLISE DE FORMAS: comprensión ou coñecemento das leis da percepción visual e da proporción, as teorías da forma e da imaxe, as teorías estéticas da cor e os procedementos de estudo fenomenolóxico e analítico das formas arquitectónicas e urbanas. |
| A41 | BASES ARTÍSTICAS: comprensión ou coñecemento da estética e a teoría das artes e da produción pasada e presente das belas artes e as artes aplicadas susceptibles de influír nas concepcións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B2 | Resolver problemas de forma efectiva. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B4 | Traballar de forma autónoma con iniciativa. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo. |
| B8 | Visión espacial. |
| B9 | Creatividade. |
| B10 | Sensibilidade estética. |
| B11 | Capacidade de análise e síntese. |
| B12 | Toma de decisións. |
| B13 | Imaxinación. |
| B14 | Habilidade gráfica xeral. |
| B17 | Cultura histórica. |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais. |
| B22 | Traballo en colaboración con responsabilidades compartidas. |
| B24 | Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo. |



Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
|---|------------------------|---|--|
| <p>Coñecemento e aplicación dos procedementos de deseño para a resolución de proxectos gráficos e aplicacións arquitectónicas. Coñecemento da organización estética e expresiva das artes visuais como punto de partida para a percepción estética do entorno.</p> <p>A avaliación de estas competencias faranse en conxunto a traves do seguimento do traballo tutelado, traballos individuais e en grupo e da proba obxectiva.</p> | A13 A37 A41 | | |
| <p>Manexar os elementos do vocabulario visual para a súa formalización gráfica no soporte adecuado. Manexar técnicas fotográficas como ferramenta visual na exposición de proxectos gráficos e arquitectónicos.</p> <p>A avaliación de estas competencias faranse en conxunto a traves do seguimento do traballo tutelado, traballos individuais e en grupo e da proba obxectiva.</p> | A10 | B4 B5 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 | |
| <p>Manexar técnicas fotográficas como ferramenta visual na exposición de proxectos gráficos e arquitectónicos. Saber aplicar as ferramentas informáticas adecuadas a cada proxecto gráfico. Iniciación ao deseño de páxinas web como recurso persoal do deseñador na súa proxección social.</p> <p>A avaliación de estas competencias faranse en conxunto a traves do seguimento do traballo tutelado, traballos individuais e en grupo e da proba obxectiva.</p> | | B1 B2 B3 B7 B17 B20 B22 B24 | |

Contidos

| Temas | Subtemas |
|--|--|
| 1: COMUNICACION VISUAL | <p>Tema 1: Comunicacion visual na actualidade.</p> <p>Tema 2: As artes visuais. Concepto. O vocabulario visual.</p> <p>Tema 3: Técnicas de presentación na actualidade: Fotografía, infografías, vídeos, fotomontaxes.</p> |
| 2: IMAXE CORPORATIVA. DESEÑO DE PROGRAMAS. | <p>Tema 4: Imaxe corporativa. Deseño de programas.</p> <p>Tema 5: Imaxe corporativa na Arquitectura.</p> <p>Tema 6: Grafismo ambiental.</p> |
| 3: TEORIA E PRACTICA DA SEÑALETICA. | <p>Tema 7: Teoría e práctica da señalética.</p> <p>Tema 8: Linguaxe señalético.</p> <p>Tema 9: A cor señalético.</p> |
| 4: INFORMATICA APLICADA AO DESEÑO GRAFICO. | <p>Tema 10: Creación e deseño de páxinas web.</p> <p>Tema 11: Imaxes, formatos e tamaños.</p> <p>Tema 12: Servidores e dominios. Mantemento e actualizacións da páxina web.</p> |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
|-----------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Sesión maxistral | A37 A41 B24 | 12 | 0 | 12 |
| Seminario | B9 B10 B12 | 26 | 0 | 26 |
| Traballos tutelados | A10 A13 B2 B3 B4 B5 B8 B11 B13 B17 B22 | 0 | 64.5 | 64.5 |



| | | | | |
|---------------------------------------|--------|---|---|---|
| Proba obxectiva | B14 | 2 | 0 | 2 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B1 B20 | 2 | 0 | 2 |
| Presentación oral | B7 | 2 | 3 | 5 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Clase teórica dunha hora de duración, impartida con soporte informático, onde se desenvolven os contidos do programa da materia, para a súa utilización nas prácticas propostas. |
| Seminario | Seminario por bloque de traballo: Clase expositiva por parte dos grupos de traballo, onde se mostrará a solución adoptada ao apartado correspondente do traballo tutorado. Exponse unha quenda de comentarios, onde participa o resto de grupos, sobre os aspectos do traballo que previamente se definiron. |
| Traballos tutelados | <p>Practica semestral que se expón a principio do semestre e desagregase en varios apartados, cada un dos cales constitúe un bloque de aplicación dos contidos impartidos nas sesións maxistrais. Esta práctica realízase en grupo, polo que supón un traballo colaborativo e de toma de decisións compartidas.</p> <p>Dentro de cada un dos apartados constituíntes da práctica tutorada, o alumno realiza de forma individual un traballo de investigación relativo ao tema tratado no devandito bloque.</p> <p>Contéplase o seguimento en forma de tutoría individualizada do traballo do alumno dentro do traballo tutorado, tanto no seu desenvolvemento presencial como non presencial.</p> |
| Proba obxectiva | Proba teórico/práctica utilizada para a avaliación da aprendizaxe, co trazo distintivo da posibilidade de determinar se o alumno alcanzou o nivel esperado de aprendizaxe. Constituirá un instrumento de medida, articulado rigorosamente, que permita avaliar capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes e actitudes. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Outras actividades complementarias na formación do alumno constituídas por asistencia a conferencias, charlas, exposicións, etc. |
| Presentación oral | Ao final do semestre, cada grupo debe facer unha exposición oral da práctica xeral realizada, presentando cada un dos apartados e participando todos os integrantes, durante un tempo fixado previamente. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | A atención concíbese como momentos presenciais de traballo do alumno co profesor en forma de tutorías en grupos moi reducidos e en tutorías individualizadas que se realizarán nas horas establecidas para ese efecto no calendario de tutorías xerais do profesor. |

| Avaliación | | | |
|---------------------|--|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Proba obxectiva | B14 | É unha proba teórico/práctica que se utiliza para a avaliación da aprendizaxe individual do alumno. | 15 |
| Traballos tutelados | A10 A13 B2 B3 B4 B5 B8 B11 B13 B17 B22 | Realízase durante todo o semestre nos horarios facilitados ao alumno e cunha periodicidade tal que permita o seguimento e corrección da práctica exposta. | 75 |
| Presentación oral | B7 | É unha presentación por parte dos alumnos do traballo realizado durante o semestre. | 10 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |



En relación ao artigo 7 das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamación das cualificacións dos Estudos de Grao e Mestrado Universitario para os estudantes con dedicación a tempo parcial ou con modalidades específicas de aprendizaxe e en apoio á mobilidade, adaptaránse a docencia e os traballos tutelados así como as probas e exames de avaliación.

Primeira oportunidade: A cualificación final responderá aos criterios porcentuais establecidos segundo as metodoloxías de avaliación. Dado o carácter de avaliación continua da materia, a asistencia do alumno debe superar o 80 % das horas lectivas. Non se cualificarán, en ningún caso, os traballos tutelados que non tivesen o seguimento e control exigido.

Segunda oportunidade: Non se permite presentarse á segunda oportunidade, aos alumnos que non cumpran os requisitos de asistencia e realización dos traballos requeridos para a primeira oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Gerritsen, Frans (1988). Evolution in color. Pennsylvania : Schiffer,
- Knobler, Nathan (1970). El diálogo visual. Introducción a la apreciación del arte. Aguilar
- Satué, Enric (1977). El diseño gráfico en España. Historia de una forma comunicativa nueva. Alianza Editorial
- Costa, Joan (2013). Los 5 pilares del branding : anatomía de la marca. Barcelona : CPC
- Cohen, David (2012). A visual language : [elements of design] / David Cohen & Scott Anderson. London : Herbert Press
- Meggs, Philip B. (1991 (2000 reimp.)). Historia del diseño gráfico. México : Trillas
- edited by Mathieu Lommen (2012). The book of books : 500 years of graphic innovation/. London : Thames & Hudson
- Müller-Brockmann, Josef, 1914-1996. (1998). Historia de la comunicación visual. México : Gustavo Gili
- Martínez-Val, Juan. (2004). Comunicación en el diseño gráfico : la lógica de los mensajes visuales en diseño, publicidad e Internet. Madrid : Laberinto
- Heller, Steven (2012). Cien ideas que cambiaron el diseño gráfico. Barcelona : Blume
- Satué, Enric (2012). El diseño gráfico desde los orígenes hasta nuestros días. Madrid : Alianza
- Poulin, Richard (2012). El lenguaje del diseño gráfico: conocimiento y aplicación práctica de los principios fundamentales del diseño. Barcelona ; Promopress
- Skolos, Nancy (2012). El proceso del diseño gráfico: del problema a la solución. Barcelona : Blume
- Landa, Robin (2010). Diseño gráfico y publicidad : fundamentos y soluciones. Madrid : Anaya Multimedia
- Hess, Jay (2010). Diseño gráfico para moda . Barcelona : Acanto
- Meggs, Philip B (2009). Historia del diseño gráfico . Barcelona : RM
- Mariño Campos, Ramón (2007). Diseño de páginas web y diseño gráfico : metodologías para la implementación de sitios web y para el diseño gráfico. Vigo : Ideaspropias
- Twemlow, Alice (2007). ¿Qué es el diseño gráfico? : manual de diseño. Barcelona : GG
- Gil, Emilio (2007). Pioneros del diseño gráfico en España . Barcelona : Index Book
- González Romano, José Mariano (2001). Diseño de páginas web iniciación y referencia . Madrid : McGraw-Hill
- Bastos de Quadros Junior, Itanel (2009). Las páginas web : un nuevo campo del diseño gráfico. La Laguna : Universidad de La Laguna

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías